



Proposta de traballo das comunidades cristiás LGTBIQ+ e aliadas á Conferencia Episcopal Española e ós seus bispos para o Sínodo da Sinodalidade

Grupos e comunidades cristiás LGTBIQ+

Queridos irmáns no Señor:

Os grupos e comunidades cristiás LGTBIQ+ e aliadas que subscribimos este documento queremos agradecer o intenso e fecundo traballo que se está levando a cabo a través da XVI Asemblea Xeral Ordinaria do Sínodo dos Bispos, especialmente na primeira sesión, celebrada do 4 ao 29 de outubro de 2023 na Cidade do Vaticano.

No Informe Unha Igrexa sinodal en misión, síntese da Asemblea sinodal, lémbraenos que: «Todos nós fomos bautizados polo Espírito Santo para formar un só corpo» (1Cor 12, 13). Sabéndonos corresponsables do que iso supón e aceptando a petición da Asemblea do Sínodo, queremos que saibades que nos ofrecemos para seguir traballando de maneira conxunta convosco, bispos e vigairos xerais, para pensarmos xuntos, en diálogo fraterno desde a diversidade de perspectivas, como poñernos ao servizo da misión, na harmonía de sabernos irmás e irmáns e fillas e fillos de Deus na Igrexa, creando pontes e espazos amables para debater os retos e incertezas que a realidade nos presenta e, sobre todo, ser capaces desde a fraternidade e a honradez, de ser luz para a Igrexa e o mundo, que nos mira e nos pregunta.

O Informe Unha igrexa sinodal en misión, na Parte III «Tecer lazos, construír comunidade», contén o punto 15 («Discernimento eclesial e cuestións abertas», letras g e k). Nel fanse as propostas que o Sínodo marca para poñer en marcha os itinerarios que axuden a seguir avanzando, concretamente promover iniciativas que permitan un discernimento compartido, á luz da Palabra

de Deus, do ensino da Igrexa, da reflexión teolóxica e o diálogo entre as ciencias. E no punto 16 («Por unha Igrexa que escoita e acompaña», letras g, h e k, e nas propostas, letra n) expónse unha pregunta poderosa: «Que deberíamos cambiar para que aqueles que se senten excluídos poidan experimentar unha Igrexa máis acolledora?». Propoñémosvos que respondamos con valentía, con fraternidade e de maneira creativa.

Prezamos o valor e a audacia proféticas dos grupos de traballo sinodal e o don de escoitar e ser escoitadas e escoitados –sen temer ao diálogo e á discrepancia– e a capacidade de discernir o que, en conversación no Espírito, está a inspirarse para facer que a Santa Igrexa católica sexa cada vez máis acolledora, amable e inclusiva, e sexa sentida como o que é: unha casa onde cabemos «todos, todos, todos», en palabras do sucesor de Pedro na XMX de Lisboa 2023. A Igrexa é a nosa casa, e nela coñecemos e seguimos a Xesús, o totalmente inclusivo.

Manifestamos a nosa total dispoñibilidade a participar en encontros previos e discretos para facilitar cantos diálogos se consideren necesarios, en vistas a este traballo conxunto que xa é en si mesmo sinodal.

Propoñemos os meses de febreiro e marzo para empezar a traballar nestas «discusións en profundidade entre expertos», dos que vos suxeriremos nomes e confiamos en que vós poidades propoñer tamén, «dando espazo ás persoas directamente afectadas» (Cf. Informe Unha igrexa sinodal en misión, 15.k), é dicir, á nosa voz.

Tamén lemos no documento «Cara a outubro de 2024», elaborado pola Secretaría Xeral do Sínodo, que «se convida as Igrexas locais a percorreren todo o Informe de síntese e a recolleren as peticións máis acordes coa súa situación. Sobre esta base, poderanse promover as iniciativas máis axeitadas para implicar todo o Pobo de Deus (actividades formativas, afondamentos teolóxicos, celebracións de estilo sinodal, consultas de base, escoita das poboacións minoritarias e dos grupos que viven en condicións de pobreza e marxinación social, espazos nos que abordar temas controvertidos,

etc.), empregando os métodos xa experimentados con éxito durante a primeira fase, en particular a Conversación no Espírito».

Por todo iso, solicitamos á Conferencia Episcopal Española e a todas as igrexas locais do noso Estado (na persoa do Coordinador Nacional para o Sínodo, D. Vicente Jiménez Zamora, e tamén na persoa de cada bispo), resposta a esta carta para pechar as datas oportunas e establecer os encontros, as discusións en profundidade, os diálogos e o cronograma necesarios para dar resposta en tempo e forma ao proposto pola Asemblea sinodal e o Informe xa citado.

Encomendamos esta proposta de traballo á Benaventurada Virxe María, discípula en camiño, para que nos acompañe e sinala os horizontes con condición de posibilidade.

En Madrid, a 14 de febreiro de 2024

Mércores de cinza

- ACGIL. Associació Cristiana de Lesbianes, Gais Transsexuals i Bisexuals (Catalunya)
- Asociación Encrucillada
- Asociación mulleres cristiás galegas Exeria
- Associació Alcem la Veu (Menorca)
- BERPIZTU kristau taldea
- BETANIA LGTBQ+ (Bilbao)
- Comunidad ADSIS
- Comunidad de Vida Cristiana - CVX en España
- Comunidad y Grupo ICHTHYS Cristian@s LGTBI+H de Sevilla
- CRISMHOM. Comunidad cristiana LGTBI+H. Asociación de diversidad sexual e identidade de género (Madrid)
- Espacio de diversidad LGTBI del Centro Arrupe (Valencia)
- Espazo de Encontro de Crentes Galeg@s
- Grupo de Formación Cristiana de GERENA (Sevilla)

- Irimia Asociación de Crentes Galegos
- Laicos Misioneros Javerianos (España)
- Mujeres y Teología de Madrid
- PADIS+G (Sevilla)
- Redes Cristianas (España)
- Revuelta de las Mujeres en la Iglesia hasta que la igualdad se haga costumbre
- Uyamaa (Málaga)
- Comunidad Católica de la Diversidad - COMOCAD (Perú)